

NANOEATERS: Transferencia e valorización de nanotecnoloxías a PYMES innovadoras (early adopters) da Eurorrexión



Descrición

NANOeaters é unha rede de Centros de Investigación que nace co obxectivo de apoiar ás empresas da Eurorrexión na aplicación de solucións nanotecnolóxicas para a definición de novos produtos e/ou servizos que contribúan ó desenvolvemento da Estratexia de Especialización Intelixente da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

No proxecto NANoeaters desenvolveranse un total de 10 Casos de Uso ou Demostradores baseados en capacidades desenvolvidas polos Centros de Investigación. Ademais, desenvolveranse un total de 22 experimentos por parte de empresas da Eurorrexión baseados nos demostradores previamente realizados.

O CITIUS participa no proxecto Nanoeaters no desenvolvemento dun chip implantable para a prevención e monitorización do glaucoma. O glaucoma é unha enfermidade de especial prevalencia entre a poboación galega, que afecta entre un 3 e un 4% da poboación. O CiTIUS colaborará co Instituto de Nanotecnoloxía de Braga no desenvolvemento deste demostrador.

Obxectivos

O obxectivo do CITIUS no proxecto Nanoeaters é o deseño dun dispositivo implantable de recolección de enerxía baseado en tecnoloxía CMOS estándar, que poida proporcionar a potencia precisa para alimentar un sistema para a medición da presión intraocular. A medida da presión intraocular resulta clave para a detección temperá do glaucoma.

INVESTIGADORES

Investigador principal

Víctor Manuel Brea Sánchez

Investigadores do CiTIUS

Diego Cabello Ferrer
Paula López Martínez

DETALLES

Data de execución:

01/01/2017 - 31/12/2019

Consortio

Axencia Galega de Innovación (GAIN), Xunta de Galicia (*líder*)

Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT)

Fundación Biomédica Galicia Sur- FBGSEI

Fundación para la promoción de la Innovación, Investigación y Desarrollo Tecnológico en la Industria de Automoción de Galicia – CTAG

International Iberian Nanotechnology Laboratory –INL

Universidade de Vigo

CITIUS

Financiado por

Programa INTERREG V-A España - Portugal (POCTEP), , 0181_NANOEATERS_1_E



PO FEDER Galicia 2014-2020 "*Unha maneira de facer Europa*"

DEMOSTRADORES

PMU de alta eficiencia sobre chip

PROGRAMAS CIENTÍFICOS

Sensores autónomos

Visión Artificial